

PASOS DESPÓS DE ACEPTAR A MOBILIDADE ERASMUS + BILATERAL

PARA SER ACEPTADO/A NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

É responsabilidade do estudante:

- Consultar na páxina web oficial da universidade de destino a documentación requirida para ser admitido/a como estudante de intercambio no próximo curso 2015/16.
- Enviar toda a documentación á universidade de destino.

É moi importante ter en conta as seguintes indicacións:

- ✓ Revisar detidamente os requirimentos e prazos límite específicos da Universidade de Destino. Se non o consegues a través da páxina web intenta enviarlles un correo electrónico ás direccións que teñan para dito fin. Ten en conta se che piden : un formulario online , requirimento de idiomas, copia do expediente , copia do DNI, Learning Agreement (contrato de estudos) asinado, fotos, etc.
- O Learning Agreement ou Contrato de Estudos terá que ser consultado co coordinador académico de cada centro da UDC antes do seu envío. Os coordinadores serán os responsables de facer as validacións ao teu regreso. Ten en conta as indicacións e campos obrigatorios ao cubrir este documento. Atópase no seguinte enlace:
http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/index.html?language=en
- ✓ Revisar o teu correo electrónico da udc para comprobar se a universidade de destino che enviou algunha aplicación online ou requirimento específico propio deles e necesario para a túa aceptación.
- ✓ Revisar se a universidade de destino ten requirimento de idiomas independentemente do que teñas presentado na udc
- ✓ O estudante deberá gardar unha copia daqueles formularios que cubra online e o resto de documentos que envíe de maneira telemática, recoméndase imprimilos antes de envialos á dirección de correo que a universidade de destino indique.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR NA “ORI” E NA “ADMINISTRACIÓN DO CENTRO”

Unha vez que o estudante envíe a documentación á universidade de destino deberá entregar **no prazo de 5 días** unha copia do seu Learning Agreement nas oficinas da Ori e na Administración do seu centro, este documento atópase na páxina web da ORI.

Só se recollerá se ven debidamente asinado polo estudante e o seu coordinador académico da UDC

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR NA “ORI” ANTES DA TÚA PARTIDA

- ✓ Documento que acredite que fuches admitido na Universidade de destino mediante copia da carta de aceptación da Institución de acollida ou copia do correo electrónico recibido.
- ✓ Copia do Learning Agreement ou contrato de estudos asinado pola Institución de acollida (no caso de non telo antes da saída poderás envíalo no prazo de 10 días dende a túa chegada)
- ✓ Copia da tarxeta sanitaria europea para estudnates Erasmus.
- ✓ Seguro sanitario privado para continxencias comúns no estranxeiro para Bilaterais
- ✓ Copia da última matrícula dos curso 2015/16

AXUDAS COMPLEMENTARIAS

O estudante pode consultar estas axudas na páxina web da ORI, no seguinte enlace:

http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/bolsas_complementarias/

Dende a Ori trátase na medida do posible de manter informados destas axudas a aqueles estudantes con praza de mobilidade enviando a información a través do correo electrónico da UDC.